



“20-05-1958

Ricardo Carballo Calero, que ven de sufrir a iniciación nos sagros misterios académicos no santuario municipal da Coruña, reverentemente saúda ao arxirocéfalo Bonzo de Galaxia, Grande Lama da Coruxo e Samurai de Lourenzana, e agradece a presenza do seu espírito naquíl apurado trance...”

Epistolario a Fernández del Riego (2006),
Ricardo Carballo Calero

RICARDO CARVALHO CALERO

(Ferrol, 1910 – Santiago de Compostela, 1990)

Foi un escritor, filólogo, lingüista, investigador e profesor galego. Estudou Dereito e Filosofía e Letras. Loitou na Guerra Civil defendendo o Goberno lexítimo da República e padeceu a represión da ditadura franquista. Pertenceu ao Seminario de Estudos Galegos, ao Partido Galeguista e formou parte do equipo que redactou o anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia. Foi académico da lingua e o primeiro profesor e catedrático universitario de Lingüística e Literatura Galega.

GRANDES ÉXITOS



1963

Historia da literatura galega contemporánea (1963) é unha obra enciclopédica na que o autor fai a disección, estuda e compila a nosa literatura no período que vai desde 1808 ata 1936. Tivo unha segunda edición ampliada en 1975.

Scórpido (1987) é unha novela epistolar, escrita en normativa reintegracionista, na que o autor mestura elementos autobiográficos e recordos coa ficción. Obtivo o Premio da Crítica de narrativa galega no ano da súa publicación.



1987

Outras das súas obras son *Vieiros* (1931), *A xente da Barreira* (1951), *Sete poetas galegos* (1955) e *Gramática elemental del gallego común* (1966).

“Coñecino no ano 1931 recién chegado eu a Santiago, presentoume Luis Tobio, desde aquela mantivemos unha longa amizade que nunca se crebou. Daqueles anos teño unha foto con el e con Cunqueiro. Ademais fun dos poucos que lle contestaba as cartas cando estaba na prisión de Xaén na ditadura franquista”.

Francisco Fernández del Riego

